

## Á MESA DO PARLAMENTO GALEGO

O grupo parlamentario da Alternativa Galega da Esquerda, ao través da súa deputada Yolanda Díaz Pérez, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión**, relativa á adopción de medidas que garantan a non repetición dos erros, retrasos e descoordinacións acaecidos na recente crise no subministro de auga para consumo humano en Ferrolterra.

### Exposición de motivos

O Comité de Dereitos Humanos de Nacións Unidas vén de reclamar a España que derroque ou emende a lei de amnistía de 1977, de maneira que non se empregue como subterfuxio para evitar a investigación das violacións de dereitos humanos perpetrados pola ditadura e os que provocaron o golpe de Estado en 1936.

A sesión celebrada o día 6 de xullo amosou as numerosas eivas eivas que presenta o reino de España en materia de dereitos humanos. En concreto, o parágrafo 21 que relaciona as recomendacións formula a seguinte consideración,

*“O Comité reitera a súa recomendación no sentido que se derroque a lei de amnistía ou se a emende para facela plenamente compatible coas disposicións do Pacto. O Estado parte debe impulsar activamente as investigacións respecto de todas as violacións aos dereitos humanos do pasado. O Estado parte debe velar por que nestas investigacións se identifiquen aos responsables, se os enxúice e se lles impoñan sancións apropiadas, proporcionais á gravidade dos crimes e se repare ás vítimas. O Estado Parte debe revisar a súa lexislación relativa á búsqueda, exhumación e identificación das persoas desaparecidas e, a este respecto, aléntaselle a implementar*

*as recomendacións do Comité contra a Desaparición Forzada nas súas recentes observacións finais (CED/C/ESP/CO/1, para. 32). Asimesmo, o Estado parte debe establecer un marco xurídico nacional en materia de arquivos, e permitir a apertura dos arquivos sobre a base de criterios claros e públicos, dacordo cos dereitos garantidos polo Pacto.”*

Polo referido, o grupo parlamentar da AGE, presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión:

- O Parlamento Galego insta ao goberno central a aplicar a recomendación do Comité de Dereitos Humanos das Nacións Unidas relativa á derogación da lei de amnistía do 1977 ou á súa emenda substancial para garantir que sexa conforme ás disposicións públicas do Pacto.

En Compostela, a 24 de xullo do 2015.

Asdo. Yolanda Díaz Pérez

**Asinado dixitalmente por:**

**Yolanda Díaz Pérez na data 24/07/2015 10:55:45**